



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17 DE AGOSTO DE 2021

ORDE DO DÍA

1. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2021/26409V.

Aprobación do proxecto de “Modificación de Centro de Transformación de compañía en la Rúa da Codeseira de Vidán”. SUNP20 Amanecida.

Apróbase o proxecto técnico de “Modificación do Centro de Transformación de compañía en la Rúa da Codeseira de Vidán” - SUNP20.

O orzamento máximo de licitación é de 48.348,05 € que xunto o IVE (10.153,09) representa un total de 58.501,14 euros . O prazo de execución é de 4 semanas. A clasificación do contratista é Grupo I – subgrupo 5 – Centros de transformación e distribución en Alta Tensión.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00037660K.

Recepción das obras de “Execución das obras recollidas no proxecto “Reconstrución muro na rúa Costiña do Monte”.

Acórdase autorizar o inicio de trámites para proceder a recepción das obras de “Execución das obras recollidas no proxecto "Reconstrución muro na rúa Costiña do Monte", nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

A fin de acreditar o control e supervisión das obras e a idoneidade das mesmas para poder proceder á súa recepción, a empresa contratista das obras e a Dirección Facultativa deberán achegar á finalización efectiva da obra, e en todo caso, previamente ao acto de recepción, a documentación que figura no informe da arquitecta supervisora municipal de 16 de xullo de 2021, procedendo a continuación levar a cabo o acto formal de recepción, logo do estado das obras.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00021385F.

Ampliación prazo de entrega do vehículo autoescaleira para o servizo de extinción de incendios e salvamento recollido no contrato suscrito coa empresa GLOBAL PROJECTS & SUPPLIES SL.

Acórdase ampliar ata o 5 de setembro de 2021 o prazo de entrega do vehículo autoescaleira para o servizo de extinción de incendios e salvamento recollido no contrato suscrito coa empresa GLOBAL PROJECTS & SUPPLIES SL, ante a imposibilidade de completar os imprescindibles trámites de homologación durante o mes de agosto no servizo técnico INSIA.

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00037858N.

Convalidación de actuacións e recepción da execución das obras de prolongación beirarrúa marxe pares (este) da Rúa do Tambre entre Meixonfrío e o polígono do Tambre (POS-2015 Adicional 1).

Acórdase:

Primeiro: Convalidar as actuacións ata o momento realizadas na execución das obras de referencia, emendando os defectos formais observados, acordando a prórroga solicitada, e dando como válido o 8 de xullo de 2021 como data da definitiva finalización dos traballos.

Segundo: Autorizar o inicio de trámites para proceder a recepción das obras, nomeando representante da administración á técnica municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00035237J.

Convalidación de actuacións e recepción execución das obras de construción dun parque infantil na rúa Coto dos Olmos, 19 (POS+2019-Adicional 1/Fase 1ª).

Acórdase:

Primeiro: Convalidar as actuacións ata o momento realizadas na execución das obras de referencia, emendando os defectos formais observados, acordando a prórroga solicitada, e dando como válido o 20 de marzo de 2021 como data da definitiva finalización dos traballos.

Segundo: Autorizar o inicio de trámites para proceder a recepción das obras, nomeando representante da administración á técnica municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

6. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00035237J.

Inicio expediente por incumprimento de contrato, con causa na demora acumulada na execución das obras de construción dun parque infantil na rúa Coto dos Olmos, 19 (POS+2019-Adicional 1/Fase 1ª).

Acórdase iniciar un expediente por incumprimento de contrato, con causa na demora acumulada na execución das obras de construción dun parque infantil na rúa Coto dos Olmos, 19 (POS+2019-Adicional 1/Fase 1ª), dando audiencia á empresa contratista EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA por un prazo de quince días hábiles, con carácter previo á imposición, no seu caso, das penalidades que procedan, para o que se aplicará o disposto na cláusula 33 do prego de cláusulas administrativas particulares.

7. ACCIÓN SOCIAL. Referencia: S/2021/38.

Corrección e ampliación do acordo nº 34 da Xunta de Goberno Local de data 12-xullo-21, para a convalidación da omisión da función interventora e autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas e liquidación dos gastos por importe total de 604.605,55 euros, en concepto de servizo de Axuda no Fogar polas modalidades de dependencia e de libre concorrencia, correspondente ao periodo temporal comprendido entre o 14/02/2021 E O 31/05/2021.

Acórdase correxir e ampliar o acordo Nº 34 da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 12 de xullo de 2021, e onde dí:

A Xunta de Goberno Local acorda:

A aprobación do expediente de convalidación do gastos relacionados no anexo "relación contable de facturas" S/2021/38 emitidas por varias empresas, por un importe total de 604.605,55 EUROS, que se inicia pola número F/2021/1126, expedida pola empresa Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A. por importe de 34.296,22 euros e remata pola nº F/2021/2371, expedida pola empresa Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A. por importe de 2.884,76 euros, todas elas en concepto SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR, POLAS MODALIDADES DE DEPENDENCIA E DE LIBRE CONCORRENCIA,

CORRESPONDENTE AO PERIODO TEMPORAL COMPRENDIDO ENTRE O 14/02/2021 e o 31/05/2021”.

Deberá dicir:

A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Validar a omisión da función interventora no expediente de convalidación do gastos relacionados no anexo “relación contable de facturas” S/2021/38 emitidas por varias empresas, por un importe total de 604.605,55 EUROS.

SEGUNDO.- Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas .e liquidación dos gastos relacionados no anexo “relación contable de facturas” S/2021/38 emitidas por varias empresas, por un importe total de 604.605,55 EUROS, que se inicia pola número F/2021/1126, expedida pola empresa Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A. por importe de 34.296,22 euros e remata pola nº F/2021/2371, expedida pola empresa Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A. por importe de 2.884,76 euros, todas elas en concepto SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, POLAS MODALIDADES DE DEPENDENCIA E DE LIBRE CONCORRENCIA, CORRESPONDENTE AO PERIODO TEMPORAL COMPRENDIDO ENTRE O 14/02/2021 e o 31/05/2021

8. CENTROS CÍVICOS. Referencia: 2021/00037613C.

Convalidación de gastos por omisión da función interventora. F/2021/3069.

Acórdase:

Primeiro. Convalidar as actuacións de gastos levadas a cabo con omisión de requisitos ou trámites esenciais, considerando acreditada para a totalidade dos indicados gastos, - os cales se corresponden na súa totalidade con contratos menores por razón de contía dos regulados no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público-, a necesidade da súa contratación e o cumprimento dos requirimentos fixados no referido precepto legal, de acordo cos antecedentes e informes incorporados ao expediente.

Segundo. Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas dos referidos gastos a favor de PRODUCCIÓNS TEATRAIS TALÍA, S.L., segundo se reflicte na factura F/2021/3069, e con imputación á aplicación orzamentaria 040 33403 2269900 que figura na acta de conformidade da factura, por un importe total de 4.428,60 euros.

9. PARQUES E XARDÍNS. Referencia: F/2021/3378.

Validación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda.

Acórdase autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas dos gastos derivados do contrato administrativo para a prestación do servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e de arborado urbano do concello de Santiago de Compostela, correspondente ao mes de xuño de 2021, a favor de Cespa, Compañía de Servicios Públicos y Auxiliares, S.A. por un importe de 278.804,05 euros, correspondentes á factura F/2021/3378.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación F/2021/3169.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura expedida por Sociedade Estatal Correos y Telégrafos, S.A., en concepto de servizos postais, correspondentes ao mes de xuño de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SETENTA MIL SETENTA E DOUS EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (70.072,19 €), segundo factura F/2021/3169 que se achega no expediente, en concepto de servizos postais correspondentes ao mes de xuño de 2021 ”.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

11. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación S/2021/121.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas en concepto de aluguer, mantemento e consumo copias en varios departamentos municipais correspondentes ao período comprendido xaneiro e xuño do ano 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SEIS MIL OITOCENTOS SESENTA EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS (6.860,86 €), segundo relación contable de facturas S/2021/121 que se achega no expediente, e que comeza pola número F/2021/1039 por importe de 107,02 euros emitida por RICOH ESPAÑA, SLU, e remata pola número F/2021/3304 por importe de 231,05 euros emitida por RICOH ESPAÑA, SLU.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

12. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación S/2021/142.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por ISS Facility Services, S.A, en concepto de servizo de limpeza ordinaria e extraordinaria dos edificios e dependencias municipais e subministración de xel hidroalcohólico correspondente aos meses de maio e xuño de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL CATROCENTOS CORENTA E SETE EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (1.447,16 €), segundo relación contable de facturas S/2021/142 que se achega no expediente, e que comeza pola núm. F/2021/2433 por importe de 302,50 €, e remata pola núm. F/2021/3040 por importe de 168,19 €

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

13. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación S/2021/114.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por ISS Facility Services, S.A., en concepto de servizo de limpeza ordinaria e extraordinaria dos edificios e dependencias municipais e subministración de xel hidroalcohólico correspondente aos meses de maio e xuño de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CENTO ONCE MIL SETECENTOS TRINTA E TRES EUROS TRINTA E SETE CÉNTIMOS (111.733,37 €), segundo relación contable de facturas S/2021/114 que se achega no expediente, e que comeza pola núm. F/2021/2434 por importe de 890,56 €, e remata pola núm. F/2021/3039 por importe de 108.077,96 €.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

14. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación F/2021/2451.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura emitida por Sociedade Municipal Xestión Transporte Urbano de Santiago, en concepto de alugueiro do local dos servizos de Parques e Xardíns e de Bombeiros correspondente ao mes de maio de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SEIS MIL SEISCENTOS VINTE E CATRO EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (6.624,29 €), segundo factura F/2021/2451 que se achega no expediente, en concepto de alugueiro do local dos servizos de Parques e Xardíns e Bombeiros correspondente ao mes de maio de 2021.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

15. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación S/2021/133.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas en concepto de mantemento e de subministración para ascensores nas diferentes dependencias municipais correspondentes a varios períodos entre xaneiro e xuño de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de NOVE MIL SEISCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON OITENTA E CATRO CÉNTIMOS (9.637,84 €), segundo relación contable de facturas S/2021/133 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2021/1871 por importe de 366,67 euros emitida por SCHINDLER, S.A. e remata pola número F/2021/3157 por importe de 785,64 euros, emitida por THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

16. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2021/00020335S.

Aprobación da lista definitiva de autorizacións de venda ambulante de artesanía para o ano 2021.

Apróbese a listaxe definitiva de persoas autorizadas para o exercizo da venda de artesanía na vía pública nos termos das bases aprobadas na Xunta de Goberno de 11 de maio de 2021.

17. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00021125T.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN GALEGA PARA AXUDA DOS ENFERMOS CON DEMENCIA TIPO ALZHEIMER (AGADEA) DE PERSONAS SORDAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA de data 02/08/2021 para o financiamento do programa: “GEA-GRUPO DE ENVELLECIMIENTO ACTIVO”.

Dase conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN GALEGA PARA AXUDA DOS ENFERMOS CON DEMENCIA TIPO ALZHEIMER (AGADEA) DE PERSONAS SORDAS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA de data 02/08/2021 para o financiamento do programa: “GEAGRUPO DE ENVELLECIMIENTO ACTIVO”, por un importe de 3.000 euros.

18. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00021144L.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e CRUZ ROJA ESPAÑOLA de data 03/08/2021 para o financiamento dos programas: “TELEASISTENCIA E ATENCIÓN A PERSOAS SEN FOGAR”.

Dase conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e CRUZ ROJA ESPAÑOLA de data 03/08/2021 para o financiamento dos programas: “TELEASISTENCIA E ATENCIÓN A PERSOAS SEN FOGAR”, por un importe de 85.000 euros.

19. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00037448Q.

Dación de conta do auto recaído no procedemento PO 37/2021 CA1.

Dase conta da resolución do Auto de 4 de xuño de 2021 (firmeza por Decreto de 30 de xullo de 2021).

Obxecto: Decreto da Concelleira Delegada de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica e Acción Cultural de 1.12.2021, polo que se desestima o recurso de reposición interposto contra o Decreto de 26.09.2020, relativo á orde de derruba da estrutura metálica con cuberta/edificación auxiliar executada sen título municipal habilitante e non-legalizable segundo o informe técnico emitido.

O Auto dispón a caducidade do trámite de formalización da demanda pola parte demandante e, en consecuencia, acorda o arquivo dos autos tras a firmeza da propia resolución, constatada mediante Decreto do Letrado da Administración de Xustiza de 30 de xullo de 2021.

Acórdase tomar coñecemento da sentenza e remítala ao Servizo de Urbanismo para os efectos oportunos.

20. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación S/2021/128.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varios provedores, en concepto de subministración de gas natural e de gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondentes ao período que abrangue entre marzo e xuño do ano 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUS MIL CINCUENTA E CINCO EUROS CON TRINTA CÉNTIMOS (2.055,30 €), segundo relación contable de facturas S/2021/128 que se achega no expediente, e que comeza pola núm. F/2021/3159 por importe de 1.110,00 euros, expedida por LOS ÁNGELES GAS, S.L. e remata pola núm. F/2021/3203 por importe de 20,10 euros, expedida por COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

21. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación S/2021/129.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas en concepto de aluguer, mantemento e consumo copias en varios departamentos municipais correspondentes a diferentes períodos entre maio e xullo do ano 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CATRO MIL CATROCENTOS OITENTA E TRES EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (4.483,74 €), segundo relación contable de facturas S/2021/129 que se achega co expediente, e que comeza pola número F/2021/2624 por importe de 90,15 euros emitida por RICOH ESPAÑA, SLU, e remata pola número F/2021/3470 por importe de 62,24 euros emitida por VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

22. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación S/2021/134.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varios provedores en concepto de subministración de gas natural e de gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondentes ao período que abrangue entre marzo e xullo do ano 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente. Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRES MIL CENTO SESENTA E TRES EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS (3.163,86 €), segundo relación contable de facturas S/2021/134 que se achega no expediente, e que comeza pola núm. F/2021/2567 por importe de 895,38 euros, expedida por NATURGY IBERIA, S.A. e remata pola núm. F/2021/3335 por importe de 65,45 euros, expedida por GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

URXENCIAS

1.- Validación de gastos de mantemento de ascensores.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL NOVECIENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (1.954,46 €), segundo relación contable de facturas S/2021/126 que comeza pola factura número F/2021/2454 por importe de 49,77 euros emitida por SCHINDLER, S.A. e remata pola número F/2021/3080 por importe de 588,79 euros, emitida por ORONA S. COOP.

2.- Aprobación do expediente de contratación da obra Diagnose e reparación de muros tradicionais.

Apróbase o expediente denominado Diagnose, reparacións urxentes e plan de mantemento dos muros de carácter tradicional e a apertura do procedemento de adxudicación baixo a modalidade aberto, establecéndose un tipo de licitación de 43.884,32 euros IVE aparte. O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 9.215,70 euros.

3.- Devolución da fianza prestada por NEA F3 polo renting de 5 fotocopiadoras.

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, NEA F3 IBERICA SL, por importe de 1.434,11 euros para responder do contrato de "Subministro, mediante renting, de 5 equipos multifunción para a área de Facenda do Concello de Santiago de Compostela".